

**COMPARECENCIA A PETICIÓN PROPIA DO DIRECTOR XERAL
DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA**

**PARA DAR CONTA DO INFORME ANUAL SOBRE A ESTRATEXIA
GALEGA DE ACCIÓN EXTERIOR (EGAEX)**

E

**A EXECUCIÓN DA LEI 10/2021, DE 9 DE MARZO, REGULADORA
DA ACCIÓN EXTERIOR E DA COOPERACIÓN PARA O
DESENVOLVEMENTO DE GALICIA**

Xoves, 26 de xaneiro de 2023, Comisión 1ª

Moitas grazas señor presidente,

Señoras e señores deputados,

Comparezo hoxe para dar conta do previsto na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia (LACEX), consonte cos preceptos nela inseridos.

Trátase daquela dun formato anovado de comparecencia e cun explícito e prevalente fundamento legal, a diferenza doutros formatos e fundamentos seguidos no pasado.

Cómpre lembrar que esta Lei foi aprobada logo do primeiro ano do impacto da COVID-19, que tantas cousas mudou e condicionou no mundo, dende o seu inicial arranque en Wuhan, na República Popular da China, reportado segundo a OMS o 31 de decembro de 2019, e que

se traduciu entre nós no estoupido do andazo en marzo de 2020, por todos coñecido.

Esta Lei, alicerce por excelencia da acción exterior galega, é plenamente constitucional, como fica acreditado pola ausencia de recursos interpostos polos actores lexitimados para acudir ao Tribunal Constitucional. Cómpre subliñar isto porque, agora, o Goberno de Galicia, mais tamén os actores e axentes públicos galegos nela referidos, teñen mellores e máis seguras ferramentas xurídicas para desenvolver unha acción exterior proactiva. Dende os irmandamentos locais internacionais, ata os agrupamentos transfronteirizos, e dende o acceso ás institucións e órganos da Unión Europea ata a participación en negociacións internacionais tendentes á sinatura de tratados, todo fica blindado fronte a hipotéticas eivas normativas e procedementais.

Esta intervención centrarase pois en cinco eidos básicos, dacordo co previsto na LACEX, a saber:

- Informe xeral cumprimento da EGAEX (art.14.2 LACEX)
- Informe sobre viaxes e actuacións con proxección exterior (art. 21.6 LACEX)
- Balance sobre asuntos europeos en Conferencias sectoriais (art. 30.3 LACEX)
- Balance sobre Comités da Comisión europea (art. 34.3 LACEX)

- Síntese de Cooperación ao desenvolvemento (ex arts. 86-88 LACEX).

Finalmente, cómpre que faga tamén unha breve referencia no peche ao estado de elaboración da nova Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027.

En canto ao **cumprimento da EGAEX**, resulta obvio que a previsión do lexislador atinxe á Estratexia que se aprobe baixo o imperio da propia Lei, aprobación que está moi próxima a producirse, dado que xa tivemos un inicial contraste de pareceres con todos os integrantes do Consello de Acción Exterior (CAEX), que inclúe ás universidades galegas, sindicatos, patronal, Consello da Cultura Galega e tamén ás Consellerías, centros directivos e entidades autonómicas máis vencelladas coa acción exterior do país. Ademais xa procedemos a pendurar na *web* de Transparencia, entre o 29 de decembro e o pasado 23 de xaneiro, un primeiro borrador que vai ser obxecto de avaliación á vista das suxestións e achegas recibidos. Xa de seguido apuraremos as etapas restantes, como son o informe de impacto de xénero, o informe emitido polo CAEX, a aprobación do anteproxecto polo Consello da Xunta, a súa remisión ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación (MAEUEC), a posterior elevación do proxecto ao Consello da Xunta, a remisión ao Parlamento galego conforme co artigo 142 do seu Regulamento e, só despois, a aprobación definitiva polo Consello da Xunta de Galicia. Non obstante, mentres todo iso non acontece, estimamos que resulta procedente efectuar un balance global da EGAEX vixente, aprobada o 1 de febreiro de 2018.

Como xa anticipei, o desenvolvemento desta Estratexia sufriu de xeito decisivo o impacto internacional provocado pola COVID-19. De tal maneira que a maior parte do posto en marcha nos anos 2018 e 2019 veuse de súpeto paralizado en 2020 e en gran medida tamén en 2021 por esa causa imprevisible e de incuestionable forza maior. Velaí temos como paradigma todo o previsto para a promoción e celebración do *Xacobeo 2021*, que practicamente quedou conxelado, debendo ser reprogramado para 2022, e iso grazas o feito de estender de xeito extraordinario un ano máis o xubileo, considerando as anómalas circunstancias que concorreran.

Dende unha **perspectiva cuantitativa**, podemos sintetizar o balance da EGAEX considerando a evolución do **comercio exterior, dos servizos turísticos demandados e do saldo poboacional**, pasando logo a unha exame cualitativa que parta da evolución das nosas relacións con Portugal e coa CPLP, así coma coa UE e o resto do mundo.

Cómpre salientar que dende o arranque deste século, e acelerándose durante os últimos anos, Galicia triplicou as súas **exportacións** anuais, pasando de pouco máis de 8.000 millóns de euros a superar os 27.000 millóns e gozando xa dunha taxa de cobertura superior ao 100% dende 2007, e mesmo tendo atinxindo preto do 130%. Sirva de referente máis achegado no tempo que até durante o terceiro trimestre de 2022, a taxa de crecemento das exportacións galegas superou á do conxunto de España (30% para Galicia fronte ao 24,6% para toda España).

Daquela, as oportunidades exteriores compensan cada vez máis as limitacións demográficas do noso mercado

doméstico, o que nos pode permitir acelerar entón o retorno en mellores condicións dos nosos concidadáns e intensificar a atracción de alóctonos que nos axuden a transformar a nosa economía, consonte cos obxectivos do Plan de Recuperación para Europa, logo do impacto da COVID-19 e da subseguinte panca do instrumento NextGenerationEU.

No ano 2022 (ata novembro) superamos o outeiro dos 27.483 millóns de euros, cun saldo positivo na balanza comercial galega de preto de 2.538 millóns de euros. Isto implica que en pouco máis de quince anos duplicamos as nosas vendas fóra de España, principalmente de produtos industriais

Isto tamén acredita que a colaboración público-privada no exterior dá vizosos froitos. Plans de longo percorrido como o FOEXGA -Fomento da Exportación Galega- e ferramentas como a *Estratexia 21-25 de internacionalización de Galicia*, liderada polo IGAPE, perseveran neste vieiro e fan moi verosímil o obxectivo de acadar antes de finais de 2025 as 8.000 empresas exportadoras.

Asemade no eido do **turismo**, e sempre considerando os datos recompilados polo IGE, a evolución -ata o estoupido da pandemia en 2020- mantivo unha relevante medra ata 2019 incluído, considerando as estadias en establecementos hoteleiros, aloxamentos rurais, apartamentos turísticos e campamentos, como parámetros principais de avaliación.

Paradigma do éxito deste subsector é sen dúbida a expedición de máis de 438.682 *compostelás* aos visitantes que fixeron o Camiño Xacobeo, entregadas a día 29 de

decembro. Trátase dun 26% máis que en 2019, que ostentaba a marca récord ata o ano pasado. Asemade, o 45% das persoas que solicitaron a *compostela* foron estranxeiras procedentes de máis de 180 países, o que supuxo recuperar tamén a peregrinación internacional nun 80%. Italia, Estados Unidos, Portugal e Alemaña foron os seus principais países de orixe.

O turismo vén gañando pois un meirande protagonismo económico logo do exitoso balance do Xacobeo 21-22, transformando o noso tecido sociolaboral, á par que outros servizos que ocupan profesional e laboralmente á meirande parte do noso pobo. Neste subsector do sector terciario, a colaboración estratéxica entre actores públicos e privados demostra igualmente que a mesma resulta indispensable para mellorar en todas as ordes, en especial considerando que Galicia posúe un modelo de atracción de viaxeiros radicalmente diferenciado do predominante na maioría do resto de España, fortemente chantado historicamente no modelo desarrollista de sol e praia.

Outro indicador cuantitativo a considerar para avaliar a acción exterior galega é o relativo aos **movementos migratorios**. Aquí, contra o acontecido nos pasados séculos XIX e sobre todo XX, agora experimentamos un saldo migratorio positivo, a prol de Galicia, dado que consonte co IGE, respecto aos movementos poboacionais, os resultados foron moi salientables, especialmente durante 2019 (saldo favorable de 17.857) e aínda durante 2021 (saldo favorable de 11.197 persoas), mesmo padecendo os remorsos do impacto do andazo da SARS-CoV-2.

Isto implica que se non fose pola capacidade que xa temos para atraer poboación estranxeira e para integrala axeitadamente, padeceríamos máis perda natural de poboación a causa do comportamento do noso propio saldo vexetativo, dado que morren máis galegos residentes cós nenos nados en Galicia e que esa brecha vai medrando dende hai décadas. Porén, Galicia precisa abrirse á inmigración e xerar máis e mellores oportunidades económicas para os que han ser algún día novos concidadáns e para gañar xente nova, perspectiva á que contribúen precisamente os mellores datos do noso comercio exterior. Nesta dinámica positiva a prol da inmigración ten un rol relevante a *Estratexia Retorna*, anovada polo Consello da Xunta -Estratexia Retorna 2023-26 (ERG2026)- o 15.XII.2022.

Daquela, considerando estes eidos -taxa de cobertura positiva e crecente do comercio exterior, bo comportamento do turismo dende que o IGE posúe datos de seu, e por riba máis inmigración que emigración, moita daquela de orixe galega-, entre outros factores que cabería citar, podemos afirmar sen dúbida algunha que a relación de Galicia co exterior resulta nidiamente positiva en termos globais, tendencia que esperamos que se afiance e acelere coa vindeira EGAEX 2023-2027.

Verbo dos **aspectos cualitativos** que atinxen ás nosas **relacións con Portugal, coa CPLP e coa UE máis o resto do mundo**, debo subliñar os encontros do ex presidente Feijóo co presidente da República Portuguesa, Marcelo Rebelo de Sousa, en maio de 2021, e tamén co primeiro ministro luso, António Costa, sendo precedidos polo encontro en xullo de 2018, antes da reelección do presidente portugués.

No ámbito das relacións con Portugal, si debo comentar que a ratificación pola *Assembleia da República* sita en Lisboa do novo *Tratado de Amizade e Cooperación luso-español*, asinado en Trujillo o 28 de outubro de 2021, xa foi publicada no *Diário da República* portuguesa o 16 de novembro de 2022. Pola contra, a ratificación española demorouse, e non tivo entrada no Congreso dos Deputados ata o 23 de setembro de 2022, constando no Diario de Sesións do 19 de decembro a votación do ditame en Comisión. Ao noso xuízo, a ratificación española debera ter sido máis dilixente, e ficaremos enriba do asunto de cara á execución en profundidade deste crucial Tratado, canda menos para nós.

Pero sen dúbida, o fito por excelencia da nosa acción exterior, en canto a achega á Lusofonía, atopámolo na sinatura do ingreso de España na CPLP, en xullo de 2021. Neste aspecto, permítanme a licenza de facerme eco das propias verbas expresadas polo comunicado do Goberno español, que dixo:

“La Conferencia de Jefes de Estado y de Gobierno de la Comunidad de Países de Lengua Portuguesa (CPLP) ha aprobado el ingreso de España como Estado Observador Asociado en la Cumbre de la organización celebrada en Luanda, en el año en que la CPLP celebra su 25 aniversario.

La candidatura de España fue presentada en 2020 mediante la remisión de los correspondientes Planes de Acción y de Promoción de la Lengua Portuguesa. Cabe reseñar el notable impulso que la Comunidad Autónoma de

Galicia ha dado a la candidatura de España, y, de hecho, tanto la "Academia Galega da Lingua Portuguesa" y el "Consello da Cultura Galega" ya son "Observadores Consultivos" de la CPLP.

España otorga mucha relevancia a este ingreso como Observador Asociado en este foro privilegiado de cooperación, auténtico puente entre continentes, cuyo ámbito de colaboración es cada vez más amplio y multidimensional y cuyos Estados Miembros representan a cerca de 300 millones de personas."

Por conseguinte, demóstrase que unha boa acción exterior autonómica complementa e fortalece a acción exterior española, atendendo deste xeito espazos e ámbitos de enorme interese estratéxico para toda España que pasarían desapercibidos ou minusvalorados dende o MAEUEC, se non fose porque dende Galicia tentamos recalibrar e reenfocar as prioridades marcadas polo Palacio de Santa Cruz.

En suma, nos asuntos exteriores verdadeiramente relevantes para Galicia, a converxencia coas autoridades estatais resulta tan útil para aquelas como para nós. Ratifícase logo que a acción exterior non é un eido propicio para a confrontación gratuíta entre Madrid e Santiago, nin tampouco entre as diversas opcións partidarias. Moi pola contra, este eido aconsella a cooperación e a complementariedade, cunha lealdade recíproca e pensando nos intereses estratéxicos comúns a longo e a moi longo prazo, que mesmo transcenden e ultrapasan a varias lexislaturas.

Verbo das **viaxes e actuacións con proxección exterior** ás que se refire o artigo 21.6 da LACEX, debemos arrancar lembrando que este precepto legal supera o previsto no *Código ético institucional de 2011, sobre criterios básicos para a regulación das viaxes oficiais ao exterior dos cargos da Administración autonómica galega*. Neste senso, tomamos en consideración as viaxes, as visitas, as recepcións, os intercambios e as actuacións con proxección exterior da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia e dos restantes membros do Consello.

Seguindo a orde protocolaria empezamos coa visita institucional do Presidente da Xunta a Arxentina e Uruguai, realizada entre o 13 e o 17 de outubro pasado, acompañado polo secretario xeral de Emigración, estando focalizado a un encontro coa nosa diáspora. Con todo, aproveitou para manter unha reunión co presidente da República Oriental do Uruguai, Sr. *Luis Lacalle*. Alí interesouse singularmente pola preservación do patrimonio da Casa de Galicia en Montevideo e máis da mellora e incremento das relacións bilaterais.

O 29 de outubro, o Presidente interveu en Vila Real nun encontro organizado pola *Fundação Casa de Mateus* xunto coa AECT da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, ás portas do Cumio Ibérico celebrado o 4 de novembro en Viana do Castelo, lembrando a necesidade de avanzar axiña na conexión transfronteiriza do tren de alta velocidade, de común interese para portugueses e galegos.

O Vicepresidente (segundo naquel momento) e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación viaxou en

marzo a Colombia, onde se entrevistou co Presidente daquela República, Sr. Iván Duque, e cos ministros de Comercio, Comunicacións e Agricultura. Nestes encontros o Vicepresidente aproveitou para expoñer as vantaxes da colaboración coas empresas galegas en áreas como o naval, aeroespacial, enerxías renovables, TIC, automoción e *contract*, ademais dos produtos amparados polo selo “*Galicia calidade*”. Tamén estivo o 28 de outubro en Porto, no encontro *Spertus* sobre transición enerxética, e do 14 ao 16 de novembro en Miami, respaldando a misión comercial dunha vintena de empresas galegas.

Igualmente, o Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes atendeu obrigas en xuño en Porto e Vila Nova de Famalicão para se reunir co Presidente da CCDRN, e afondar na cooperación eurorrexional que mantemos co Norte de Portugal. Logo, do 19 ao 21 de setembro, estivo en Bruxelas, onde se entrevistou co Embaixador Representante Permanente de España diante da UE, para tratar a futura presidencia española da Unión no segundo semestre de 2023. Tamén estivo na República Dominicana entre o 2 e o 6 de decembro, para coñecer de primeira man os proxectos galegos de cooperación ao desenvolvemento, así como aos responsables das ONGDs galegas que os fan posibles.

Pola súa banda, a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda mantivo en xaneiro pasado unha xuntanza por videoconferencia co Comisario Sinkevicius, responsable de medio ambiente na Comisión europea, para defender a postura galega no relativo á protección do lobo. Este formato de videoconferencia, cada vez máis en alce dende o andazo da COVID, cremos que tamén merece ser reportado no noso informe anual porque, en canto á súa

entidade, en nada se distingue das reunións presenciais. A esta reunión virtual sucedulle outra presencial o 12 de setembro, celebrada en Bruxelas co mesmo Comisario, neste caso xunto cos seus homólogos de Asturias, Cantabria e Castela e León.

O Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades avaliou en febreiro en París co coordinador do informe PISA e co Director de área, Sr. Andreas Schleicher, as liñas de mellora da educación nas que está traballando a OCDE. Aproveitou para tratar co novo embaixador de España diante da UNESCO, Sr. Rodríguez Uribes, a candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio mundial. En xuño trasladouse a Roma para presentar a rehabilitación da Catedral de Santiago. O 30 de novembro desprazouse a Rabat, asistindo ao decimoséptimo Comité Intergubernamental para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, que celebrou a iniciativa do programa *Ponte ... nas Ondas!*, a prol do Patrimonio Cultural común a galegos e portugueses.

O Conselleiro do Medio Rural viaxou o 7 de xuño a Londres para participar na *London Wine Fair* en apoio dos nosos viños e denominacións. En setembro participou en Burdeos (Francia) na terceira mesa redonda sobre a estratexia forestal no sur de Europa e visitou ás Landas tras os incendios acaecidos no pasado verán.

Por último, a Conselleira do Mar, ademais das tradicionais asistenciais institucionais a Bruxelas a prol da defensa do sector, estivo o 31 de xaneiro en Xenebra, para reunirse co Representante da UE diante da Organización Mundial do Comercio (OMC), para defender a postura da nosa flota

sobre o asunto das retiradas de bonificacións ao gasóleo, no entorno das negociacións internacionais desenvolvidas no seo da OMC, nas que a posición da Comisión europea non é o sólida que nós estimamos fronte a outras potencias pesqueiras, como a República Popular da China ou Indonesia. Asemade, estivo en Brest o 11 de febreiro, para tecer unha alianza con Bretaña, de xeito que Francia se sume á defensa dos intereses da flota pesqueira europea contra as propostas radicais lanzadas polo Comisario Sinkevicius, que só semella ter en conta os intereses dos grupos de presión medioambientais, sen avaliar axeitadamente as necesidades das nosas poboacións mariñeiras, que contribúen a soste a autonomía alimentaria europea fronte ao poderío crecente de terceiros Estados, dos que a Unión ha importar produtos pesqueiros. Noutra orde, viaxou a comezos de setembro a Cuxhaven e Bremen (Alemaña), para lle agradecer ao centro galego de Cuxhaven a difusión da nosa cultura mariñeira e para participar na Feira internacional da Pesca de Bremen co obxectivo de abrir novas vías de negocio en mercados emerxentes e potenciar a demanda do produto galego, aportándolle mais valor engadido.

En canto ás visitas a Galicia de autoridades foráneas, comezo por dar conta da celebración en Galicia da reunión da Comisión de Recursos Naturais (NAT) do Comité das Rexións da UE, o 2 e 3 de xuño. Igualmente, nos visitou o 6 de maio o Vicepresidente do Banco Europeo de Inversións (BEI) e o director de Educación da OCDE e responsable do Informe PISA o 10 de maio.

O 19 de setembro visitounos unha delegación de deputados da Comisión de Industria do Parlamento Europeo, polo seu interese en comprobar os avances na

transición enerxética que tanto empurra a Unión. No eido marítimo, recibimos o 16 de xuño a unha delegación de deputados da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo e o 12 de xullo á Directora Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión europea, Sra. Charlina Vitcheva. Outra volta defendimos a proposta galega, e en gran medida de toda a fachada atlántica da Unión, contra os plans do Comisario Sinkevicius, limitadores da pesca en profundidade, mesmo con artes selectivas como os palangres. Asemade nos visitou a finais de xuño o Ministro de Pesca da República de Namibia, Sr. Derek James Klazen, país co que mantemos unha estreita cooperación nese eido, e o Viceministro de pesca do Perú, Sr. Mario Caveró, o 23 de abril, ministerio co que a Fundación CETMAR desenvolveu a mellora da pesca e da acuicultura na baía de Sechura.

Xa nun ámbito máis global, o 12 de xullo recibimos ao Vicegobernador da provincia surcoreana autónoma de Jeju, Sr. Koo Man Seop, coa que institucionalizamos unha certificación conxunta de peregrinaxe, especialmente valorada polos visitantes surcoreanos:

A aproximación a Corea do Sul continúa sendo de gran importancia para diversificar os nosos mercados exteriores e tentar captar capital investidor en áreas nas que as compañías surcoreanas son líderes mundiais e precisan medrar en Europa. O feito de que a provincia de Jeju goce de autonomía cos seus case 700.000 habitantes facilítanos dalgún xeito o achegamento ás autoridades e empresas surcoreanas, sendo un terreo no que cómpre sementar pensando no longo prazo.

Contamos ademais coa visita do Gobernador de Querétaro (México) en marzo, do Presidente *da Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte* de Portugal (CCDR-N) e antigo reitor da Universidade do Minho, Sr. António Augusto Magalhães Cunha, o 18 de febreiro, do ex Presidente da República de Cabo Verde, Sr. Pedro Pires, o 8 de abril, un dos estadistas de referencia desa República da Lusofonía e figura clave no movemento africano de emancipación. Ademais, en novembro do ano pasado contamos coa visita de ministros e altas autoridades de ciencia, tecnoloxía e innovación de Iberoamérica.

No capítulo de embaixadores, viñeron visitarnos os embaixadores de Países Baixos, de Bulgaria, de Corea do Sul, do Consello de Europa, de Eslovenia, de Portugal, de Lituania, de Panamá, do Reino Unido, de Canadá e máis dos Estados Unidos. Estes contactos foron todos institucionais e sometidos pois aos usos diplomáticos que rexen no Dereito Internacional, que requiren da debida discreción.

Entrando xa na información que prescriben os artigos 30.3 e 34.3 da LACEX, referidos aos asuntos da UE relacionados con Conferencias sectoriais e aos dos Comités da Comisión europea nos que intervén Galicia, debo lembrar que a participación autonómica dentro da representación española no Consello da Unión Europea é consecuencia da adopción dos Acordos do 9 de decembro de 2004, da Conferencia para Asuntos Relacionados coas Comunidades Europeas (CARCE / CARUE), sobre o sistema semestral de representación autonómica nas formacións do Consello da UE. Mediante estes acordos deuse unha nova configuración á Consellería para Asuntos Autonómicos da Representación Permanente de España diante da UE (REPER) e estableceuse un sistema de representación autonómica en

determinadas formacións do Consello da UE, a saber, Agricultura e Pesca (AGRIPESC); Medio Ambiente (ENV); Emprego, Asuntos Sociais, Sanidade e Consumidores (EPSCO); Educación, Mocidade, Cultura e Deporte (EJCD); e Consumo e Xogo (Competitividade).

En 2022 correspondeulle a Galicia a representación autonómica na formación do Consello EPSCO (Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores), nos ámbitos de Emprego e Política Social durante o primeiro semestre do ano, e de Sanidade no segundo semestre, cadrando respectivamente coas presidencias francesa e checa do Consello UE.

Durante o primeiro semestre de 2022, o Grupo de Traballo de Asuntos Sociais (GAS) celebrou 42 reunións con asistencia da representación galega que, entre outras funcións, levou a cabo o seguimento dos expedientes e informou puntualmente ao resto de CC.AA. A proposta de Galicia, as CC.AA. adoptaron sendas posicións comúns, en cada unha das dúas reunións do Consello EPSCO, que tiveron lugar os días 14 de marzo, en Bruxelas, e o día 16 de xuño, en Luxemburgo.

En base a esas posicións comúns, a conselleira galega de Promoción do Emprego e Igualdade interveu nos debates do Consello EPSCO sobre *“Promoción da plena participación das persoas de maior idade no mercado laboral”* e sobre *“O emprego das persoas con discapacidade”*.

Galicia tamén asumiu a representación autonómica na área de Sanidade durante o segundo semestre de 2022, asistindo ás 32 reunións dos grupos de traballo de Saúde Pública e de Produtos Farmacéuticos e Sanitarios (GPFS), preparatorios das reunións do Consello UE. Así mesmo, o conselleiro galego de Sanidade interveu no Consello do 9 de decembro celebrado en Bruxelas, en defensa da posición común autonómica no punto relativo á *“Recomendación do Consello sobre a mellora da prevención mediante a detección precoz: un novo enfoque da UE para o cribado do cancro en substitución da Recomendación 2003/878/CE”*.

Asemade participamos en determinados comités para a execución de actos xuridicamente vinculantes da UE atribuídos á Comisión europea. Trátase de comités de carácter intergubernamental, presididos por funcionarios da Comisión europea e integrados por representantes dos Estados membros, que asisten ao devandito órgano no exercicio do seu poder de execución normativa, atribuído polo lexislador da Unión Europea. Isto permítelle á Comisión establecer un diálogo coas Administracións nacionais antes de adoptar medidas de execución. O actual marco lexislativo atópase fundamentalmente no Regulamento (UE) 182/2011, que establece os principios xerais relativos aos mecanismos de control por parte dos Estados da Unión do exercicio das competencias de execución residenciadas na Comisión. Así poñen en práctica o artigo 291 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE) sobre os actos de execución.

Segundo o acordo acadado no seo da CARUE en 1998, prevese a inclusión dun funcionario autonómico xunto con outro estatal en distintos comités, en representación de todas as Comunidades Autónomas. Do total de 90 comités

abertos á participación autonómica para o período 2022-2025, Galicia ten asumida a representación directa en 13 comités e designados responsables sectoriais nos 77 comités restantes.

Entre os máis salientables, durante 2022 representantes da Comunidade Autónoma de Galicia participaron directamente:

- no *Comité de Desenvolvemento Rural*, onde se abordaron asuntos relativos ao seguimento da PAC, a execución do FEADER e doutros instrumentos financeiros;
- no *Comité de Protección Civil*, onde se trataron temas como o Programa de traballo do mecanismo europeo de protección civil 2021-2025; a asistencia humanitaria a Ucraína e a elaboración do Plan europeo de Prevención de incendios.
- No *Comité de adaptación ao progreso científico e técnico e a execución da Directiva relativa a protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura*, abordáronse asuntos referidos á implicación das prácticas agrícolas no cumprimento da Directiva de Nitratos e a aplicación de plans de acción.

No eido da I+D+i, no *Programa Horizon* para o período 2021-2027, Galicia ten asumida a representación autonómica en tres comités e designados responsables sectoriais noutros oito. Eses tres comités con intervención directa de Galicia son:

- O Comité sobre *O Consello Europeo de Innovación e os ecosistemas de innovación europea*, que celebrou cerca de 50 reunións nos últimos dous anos.
- O Comité sobre *Accións Marie Skłodowska-Curie (AMSC)*.
- O Comité sobre *Cultura, creatividade e sociedade inclusiva*.

Finalmente, sinalar que en diversas Conferencias sectoriais dos distintos ámbitos de competencias, tratáronse así mesmo temas relacionados con asuntos que afectan a cuestións debatidas no eido da UE. Así é o caso da Conferencia sectorial de Medio Ambiente de 28 de xullo de 2022, no que se debateu a *Estratexia para a convivencia das actividades do medio rural co lobo (Canis Lupus) e a súa conservación, xunto cos instrumentos de aplicación: reparto territorializado de fondos e protocolo de aplicación de excepcións*. Neste ámbito, Galicia ten un modelo de xestión propio de convivencia do lobo coa gandaría extensiva, que pretende garantir o equilibrio entre a protección da especie e a protección dos gandeiros e da xente do medio rural. Ao mesmo tempo, aporta seguridade xurídica abonda para a xestión da especie. Este modelo de xestión foi defendida por Galicia diante de representantes do Parlamento Europeo nunha xuntanza o pasado 16 de novembro.

Pola súa parte, a *Conferencia para asuntos relacionados coa UE (CARUE)* de 29 de xullo de 2022, tivo como punto principal da orde do día a presentación dos preparativos para a celebración da Presidencia española do Consello da UE no segundo semestre de 2023. Con base no previsto nesa reunión, creouse un Grupo de Traballo para a

Preparación da Presidencia española do Consello da Unión Europea en 2023.)

Rematando esta sección, na Conferencia sectorial de Pesca de 16 de novembro de 2022, tivo lugar a presentación da contribución de España ás *Directrices estratéxicas para unha acuicultura da UE máis sostible e competitiva*, na que participou moi proactivamente Galicia.

Por último, aínda que de ningún xeito menos importante, debo resumir o balance no eido da cooperación ao desenvolvemento, sen prexuízo dos informes específicos e máis detallados recollidos na propia Lei para esta materia, dos que se dá debida e puntual conta a este Parlamento.

A política pública de cooperación ao desenvolvemento estivo articulada no ano 2022 a través do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021, que foi prorrogado como consecuencia dos efectos da pandemia e dada a continuidade da vixencia da estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega.

No seguinte nivel de planificación, e en cumprimento do mandato legal establecido na Lei 10/2021, ou LACEX, concretamente nos artigos 83.4 e 87.2, o Plan anual da Cooperación Galega foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 3 de febreiro de 2022, previo informe favorable do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento. Eu mesmo comparecín neste Parlamento para dar a coñecer tanto a prórroga do IV Plan Director como o devandito Plan anual.

Ao fío do Plan, entre outras accións, apoiamos 27 proxectos no exterior dos axentes de cooperación aprobados na convocatoria previa, outros 13 proxectos de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global e outorgamos subvencións para proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento nas universidades galegas, que financiaron cinco proxectos.

Asemade, desenrolamos convenios de colaboración no ámbito da Acción Humanitaria con distintas entidades, como *Farmamundi*, UNICEF, ACNUR, *UNRWA España*, ou coa *Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e a Cooperación Descentralizada*. Mais neste capítulo debo subliñar a cooperación mantida coa *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí*, a pesares das novas circunstancias introducidas a nivel estatal nas relacións con Marrocos. E, como non podía ser doutro xeito, iniciamos unha liña de traballo a prol do pobo ucraíno mediante a *Asociación AGA-Ucráina*.

Proseguimos co apoio á sociedade civil no eido da cooperación ao desenvolvemento, como acreditan os convenios relativos a educación, a sensibilización, a formación e o fortalecemento institucional xunto coa *Coordinadora Galega de ONGD*, co *Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade*, coa *Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento*, e coas ONGDs *Solidariedade Internacional de Galicia*, *Asociación Galega de Reporteiros Solidarios* e *Asemblea de Cooperación pola Paz*. Tamén coa asociación *Enxeñería sen Fronteiras de Galicia* e coa *Asociación AIDA* para atención de nenos e nenas con diversidade funcional en

Guinea Bissau, e a *Fundación Axuda en Acción* para actuacións en Mozambique en materia de pesca e acuicultura.

En consecuencia, a nosa política pública de cooperación ao desenvolvemento vaise fortalecendo e preservando criterios propios na acción exterior, sendo potenciada dende a entrada en vigor da LACEX, que permitiu mellorar moito a xestión.

Como lles anticipiei, agora estamos traballando na xestión da nova EGAEX, que se despregará ata 2027, consonte co termo do lustro previsto na Lei. A este respecto, quero aproveitar para convidar aos grupos políticos presentes nesta Cámara para manter un diálogo construtivo e fecundo, dentro do marco definido polo Ordenamento vixente, tanto europeo como estatal e autonómico, e polas liñas mestras da Estratexia española de acción exterior 2021-2024, que sucedeu á do cuatrienio 2015-2018). Un diálogo alén do procedemento regrado que esixe remitir o proxecto de Estratexia ao Parlamento dentro do marco do artigo 142 do seu Regulamento, que ha ser estritamente respectado.

A priori, e atendendo ás consideracións de integrantes do CAEX cos que nos reunimos a estes efectos, estimamos que hai que afondar na internacionalización e na proxección exterior de Galicia, tendo presentes os obxectivos da LACEX. Neste senso, cómpre vender máis fóra; captar máis investimento produtivo; atraer un maior volume de talento creativo e emprendedor; manter o medre sostido dos nosos servizos turísticos; avanzar na cooperación e integración sectorial con Portugal; avogar pola Lusofonía en España,

unha tarefa na que a perseverancia resulta clave, dado que a maioría do Estado vive de costas a ese mundo de oportunidades; e apostar por unha Europa maiormente integrada e que considere as súas diversidades de toda caste.

Eses son só algúns dos obxectivos a cinco anos vista que estimamos trascendentais para Galicia na súa acción exterior, mais estamos abertos ao diálogo e ás achegas que os grupos parlamentarios nos transmitan previamente, sempre tendo en conta as consubstanciais limitacións de recursos e medios para desenvolver a nosa proxección cara fóra, nunha Comunidade internacional con 193 Estados pertencentes á Nacións Unidas e que xa superou a barreira dos 8.000 millóns de seres humanos.

Moitas grazas e fico ao seu dispor.